

CARRACEDO, Juanjo (2021): ...*Del cielo bajan*. Madrid: Celesta, 46 pp.

Del cielo bajan é o primeiro poemario editado de Juanjo Carracedo. Anteriormente poemas do autor viron a luz en revistas e antoloxías. O poeta, licenciado en Filoloxía Clásica e Hebraica, foi un transmisor dos canons estéticos da poesía grecolatina a través da figura poeta-tradutor de poemas clásicos. Tamén debemos aludir aos seus artigos de carácter investigador relacionados coa poesía e coa lingüística galega.

O autor leva dedicado á actividade poética dende os seus anos de alumno de Ensino Medio no Instituto Ramiro de Maeztu de Madrid. Foi neste prestixioso centro onde lle incentivaron o amor á poesía. Chegar a sentir e emocionarse coa literatura foi labor de dúas persoas que o marcaron na súa vida. Segundo el o verbalizou na primeira presentación de ...*Del cielo Baján* que tivo lugar o 13 de agosto de 2021 en Santa Comba (A Coruña), séntese poeta grazas á profesora de literatura Pilar García Madrazo e ao profesor Antonio Cillóniz, recoñecido poeta peruano. Cillóniz foi o impulsor e finalmente fundador da Aula de poesía José María Valverde do instituto Ramiro de Maeztu; aula á que asistiu dende o seu inicio Juanjo Carracedo que, por outra banda, sobresaía dende adolescente coma un gran lector de poesía. Algunhas desas lecturas deixaron unha fonda pegada en Carracedo, como os poetas Miguel Hernández ou Luís Cernuda. Entre os poetas contemporáneos que lle serviron de referencia, segundo verbas do autor, podemos citar, entre outros, aos escritores e escritoras galegas en Madrid como é o caso de Luz Pichel ou Manuel Pereira e, xa máis coetáneo co noso poeta, a Álvaro Tato. Cómpre dicir que Juanjo Carracedo, nado en Madrid, é fillo de galego e galega e estivo vencellado a Galicia dende pequeno, onde pasaba longas vacacións e onde atopou espazos fértiles para a súa poesía, como demostran os “Poemas mollados” publicados no número 23 de *Madrygal*.

Son trinta e catro poemas os que configuran ...*Del cielo bajan*, cuxo título é a segunda parte do refrán “Matrimonio y mortaja, del cielo bajan” e insinúa que a vida das persoas está no destino de cada unha. Ao noso entender, o autor concibe máis o libro coma unha paremia baseada na experiencia e na reflexión de carácter intelectual ou moral.

Juanjo Carracedo é un observador de todas as caras do prisma poético, da vida, do amor e dos feitos cotiáns no mundo real. Como tal, leva a poesía adherida á alma desde unha ollada alta porque as palabras importantes e as forzas inexorables do destino caen das alturas. As experiencias vitais son importantes para o mundo que conforma este poemario. O rapsodo eleva á categoría poética os seus recordos da infancia na aldea dende a distancia nunha cidade limpa onde non hai terra, verde natureza ou estercos sen lúa. E, cando o tempo rompe, quedan visibles a través desas fisuras os recordos dos amigos ou dos seres queridos. Son fragmentos gardados na alma de poeta que brillan como cristais esnaquizados polo chan. “¿Quién va escarbar la tierra con los dientes/ en esta ciudad tan limpia? (...) Y me trago los intentos/ de teóricos estiércoles sin luna.../ ¡Que educadamente el tiempo se me cayó otra vez por la ventana! / ¡Qué de brillos por el suelo!” (p. 9).

Para o poeta, se non hai realidade e sentimento, non hai poesía. A realidade hai que vivila, deixala correr, de aí que a súa poesía sexa inseparable do tempo. As ausencias dos seres queridos están nese tempo e nas palabras altas que caen para aceptar a fugacidade dos bos recordos que baixan como semente para lembra-la súa pegada. “Ya puedo verlos.../ ya puedo/ (...) asumir en los ojos la sorpresa/ prevista desde las palabras altas.../ confirmar en la luz/ todas las ausencias/ Dejádme verlos.../ (...) asumir en la piel la estampida del tiempo/ (...) tirar desde este cielo las palabras/ y mancharlas del color de su paso...” (p. 11).

O escritor ten a capacidade de observar momentos cotiáns e versificalos. Como a clase solitaria dun venres pola tarde no seu instituto. A forza dos versos libres abre a ventá poética a un camiño de tránsito e descanso ata o luns no inicio da xornada onde volverá ao mundo de sempre. “Acabo de mirar a la izquierda/ y la ventana/ de siempre/ se mueve/ con unos versos ahora,/ con un cielo partido en dos luces,/ con una oración de tránsito/ al mundo/ de siempre/ (...) para empezar el lunes/ de nuevo” (p. 40).

...*Del cielo Bajan* poetiza o ritmo vertixinoso e repetitivo do traballo sen pausa, cruzando a cidade tres veces ao día sen dedicación aos seus, nun tempo estéril sen as experiencias vitais. “(...) diluvian los pies que atraviesan/ tres veces al día la ciudad,/ se me inunda el reloj de reuniones,/ pero los peces secos mueren/ aunque se me escurran los días” (p. 39).

En ocasións, os poemas de Juanjo Carracedo agasállannos coa sinxeleza e coa sedución dos versos culinarios experimentais, sans e refinados. Unha maneira de ofrecerse ou entregarse á persoa amada e formar parte da súa vida para sempre: “Confíame tus ensaladas/ y tus horas, guíñame un silencio más/ en dulce fino/ y comeré contigo/ para siempre” (p. 28).

Na poesía do autor, ademais de feitos diarios, de incertezas, dúbidas ou viaxes que baixan do ceo hai amizade no reencontro á volta dun verán dun primeiro sábado de agosto. Un feliz aniversario co desexo de borrar todos os medos e que siga medrando nun mundo contado por días de cores. E, sobre todo, revivir os recordos dese verán en Madrid onde a palabra mollada se converteu en verbo de amor e desexo nun estío salgado de suor.

Para Juanjo Carracedo, a palabra é a ferramenta, e o verso o celme, para expresar o vivido e todo o por vivir, e así nolo transmite.

Carmen Blanco Ramos
ramablanca@yahoo.es